

Jorge de Vivero pecha con 'Ventanas al campo' un ciclo vital e literario

► O autor lugués presentou a fin da triloxía 'Los buenos momentos' no instituto Ollos Grandes

MARTA VEIGA

mveiga@elprogreso.es

LUGO. Jorge de Vivero abriu 'Ventanas al campo' para pechar un ciclo «persoal, profesional e literario». O autor presentou onte o terceiro volume da triloxía 'Los buenos momentos' (Tris Tram) no que foi o seu espazo de traballo, o instituto lugués A Nosa Señora dos Ollos Grandes, ante un aforo integrado polos que foron os seus pupilos.

De Vivero, agora retirado como profesor de Secundaria quixo que fose o seu instituto o lugar onde dar a coñecer o que será o derradeiro froito de conxugar as súas paixóns pola literatura e pola natureza: «Quixen despedirme como profesor e tamén abrir un novo ciclo como escritor», apunta.

O escritor lugués sostén que está «tontamente satisfeito» co balance que lle ofrece a súa obra literaria ata o de agora, sempre vencellada «ao campo, á natureza, aos animais», un eido que, segundo entende, ten «case esgotado» como autor. Aínda descoñece cal será o rumbo que tomará a súa carreira literaria. «Hai quen me anima a escribir ficción, pero coído que me vexo máis facendo poesía. É moi difícil falar do futuro», di.

Onte, como paso previo ao futuro Jorge de Vivero ficou satisfeito tras medirse aos seus colegas e aos seus alumnos. Tres mozas que asistiron ás súas clases como profesor de Literatura foron as encargadas de facer unha semblanza de cada un dos volumes que conforman 'Los buenos momentos'.

«Foi un xeito de deixarlles o testigo a elas», engade o docente, quen cobiza ser el o que presente algún día o libro dalgún dos seus, algo que xa ten feito con Marta Rivera de la Cruz. «Non hai nada máis gratificante para un profesor de Literatura», comenta.

No regreso ás aulas de Jorge de Vivero foron Antía García, de cuarto de Eso, e Sara Iglesias e Ana Ferreiro, que cursan segundo de Bacharelato, as que analizaron 'Los buenos momentos' de Jorge de Vivero como fan cos textos dos



O estudiantado ateigou o salón de actos. PEPE ÁLVEZ

autores do temario escolar.

García ocupouse de 'Paisajes del recuerdo', o primeiro volume da triloxía; en tanto que Iglesias abordou 'Tan animales'. A Ferreiro tocoulle glosar 'Ventanas al campo', o libro de estrea, unha obra que o seu autor cualifica «máis de sensacións ca narrativa», ao tempo que unha reivindicación das « cousas maravillosas e esquecidas » da natureza que os lugueses teñen a un paso de si.

FILOSOFÍA. «A filosofía que subxace de 'Ventanas al campo' é o necesario dunha pasividade na ollada para apreciar canto temos ao redor de nós», conta. Como xa sucedeu en 'Paisajes del recuerdo', as ilustracións corren por conta de Resti López Fernández, profesor de Filosofía, ex compañeiro de claustro de Jorge de Vivero no Ollos Grandes e que onte volveu ao que foi o seu instituto.

O peche da triloxía 'Los buenos momentos' abunda no propósito de Jorge de Vivero de alertar sobre o impacto sobre a natureza «da maquinaria de destrución» humana e estrutúrase en función



Jorge de Vivero (centro), entre ex alumnas e colegas. PEPE ÁLVEZ

dos ciclos naturais que marcan a vida no medio natural, comezando polo despertar da primavera estación a estación e, logo, mes a mes, a xeito de almanaque.

Un ciclo anual completo para interpretar as bisbarrias da provincia de Lugo, aínda que as 'Ventanas al campo' tamén se abren a «pequenas excursións marítimas á Coruña», berce de De Vivero.

Se tivese que reducir o ecosistema lugués a dúas especies, o

escritor elixe unha ave rapaz, a avelaiona, e un bosque mixto de carballos e bidueiras. «Para min o lobo é un tótem, pero elixo un animal de campiña, máis ca de alta montaña, e nocturno, porque a noite é máis ca movida. E a perfección arbórea está no carballo, a árbore galega, e a bidueira, que ofrece unha paisaxe case de taiga con esa cor marfileña», conclúe Jorge de Vivero mestres abre a súa subxectiva fiestra ao campo.

Los escritores escandinavos reconocen su deuda con Stieg Larsson

JOSE OLIVA

BARCELONA. Los escritores escandinavos reconocen la deuda que tienen con el desaparecido Stieg Larsson, a quien deben el reconocimiento internacional y el surgimiento de un boom de la novela negra nórdica en los últimos años.

Bajo el título de 'Los otros', el autor noruego Kjell Ola Dahl, la danesa Inger Wolf y el estadounidense afincado en Finlandia James Thompson vienen a confirmar en la Semana de Novela Negra de Barcelona que en la novela policíaca nórdica «hay vida más allá de Suecia, más allá de (Henning) Mankell y de Larsson».

Dahl, que ha presentado su novela 'Un paso en falso' (Emecé), piensa que «el boom nórdico de novela negra comenzó antes de Larsson, pero explotó con él gracias a su carácter de 'best-seller', si bien matiza que «en Noruega, los libros de Larsson no eran considerados como el gran ejemplo, sino como un buen ejemplo más».

Inger Wolf, que llegó a Barcelona con 'Un oscuro fin de verano' (Alba) bajo el brazo, opina que «la literatura nórdica siempre ha sido reconocida por su visión crítica».

Thompson coincide en que un distintivo de la literatura negra nórdica es esa orientación social, pero «cuando no es buena, la novela puede ser entonces muy mala». En su última novela, 'Ángeles en la nieve' (Roca), se mezclan otras tradiciones con las nórdicas.

El escritor estadounidense recuerda que en Finlandia no se había oído hablar de Larsson hasta 2009, «pero él abrió las puertas» y, gracias al sueco, la obra de Thompson se ha «traducido en 14 países».

Aunque sus novelas rompen el tópico de que en Suecia, Noruega o Finlandia son países sin apenas criminalidad, todos señalan que «en los países nórdicos se vive todavía bien», pero alertan sobre el alcoholis-

Obús pone pausa a siete años de conciertos con 'Cállate!', un disco que suena cien por cien Obús

JULIO SORIA

MADRID. Leyenda del heavy español, Obús pone pausa a siete años de «conciertos sin parar» con el lanzamiento de su nuevo trabajo discográfico, 'Cállate!', un álbum que, a base de «guitarras poderosas y baterías contundentes», suena «cien por cien Obús».

«No somos un grupo que necesite hacer un disco cada año, de

cualquier forma y con quien sea, así que no nos hemos decidido hasta tener una oferta interesante», explica el guitarrista Paco Laguna, sobre los motivos por los que Obús no ha publicado material nuevo en el último septenio.

Una vez encontrada la propuesta idónea, el grupo se encerró en el estudio para crear las doce piezas que integran 'Cállate!' (Peermu-

sic), un disco que el cantante Fortu Sánchez califica con «matrícula de honor».

«Hemos hecho un gran trabajo en composición, arreglos, producción...», añade el vocalista antes de que Laguna destaque «la voz de Fortu, que está impresionante». «A veces le oigo cantar canciones del disco y se me pone la piel de gallina», dice el guitarrista.

Los Oscar serán para 'Avatar', Jeff Bridges y Sandra Bullock, dicen las casas de apuestas

EFE

LONDRES. Los jugadores de las casas de apuestas 'online' parecen tener claro quien ganará este año los premios Oscar de la Academia de Hollywood, ya que, sin variaciones, los que encabe-

zan todas las listas de favoritos son 'Avatar', como mejor película; Jeff Bridges, como mejor actor principal, y Sandra Bullock, como mejor actriz principal.

Según las webs consultadas por Efe, entre las que figuran Bet365, SkyBet, BetFair o William Hill, los que apuesten por 'Avatar' podrán ganar alrededor de 0,5 euros por cada euro invertido, película seguida muy de cerca por 'En tierra hostil', que ofrece una ganancia de entre 1,3 y 1,8 euros por cada euro apostado.